

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	1º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	7
3.1. Relación de unidades didácticas	8
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	14
4.1. Concrecións metodolóxicas	49
4.2. Materiais e recursos didácticos	50
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	51
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	51
6. Medidas de atención á diversidade	53
7.1. Concreción dos elementos transversais	54
7.2. Actividades complementarias	57
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	58
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	59
9. Outros apartados	60

1. Introducción

Neste documento expónse a programación didáctica para área de lingua galega en 1.º de Educación Primaria. Dita programación realizouse para planificar o traballo docente durante o curso lectivo 2023 - 2024, organizando o proceso de aprendizaxe dos alumnos tanto a nivel temporal como no ámbito dos obxectivos, contidos e metodoloxías a utilizar que se exporán ao longo de presente documento.

Para a elaboración desta programación teremos en conta a ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e a elaboración da concreción curricular (RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.). Ademais do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación, ademais de seguir a lexislación vixente en materia de educación (ver apartado correspondente), relacionase directamente co Plan Xeral do Centro, aprobado polo claustro e consello escolar. Neste ámbito integra dentro da mesma os distintos plans ou documentos aos que fai referencia o documento anterior coma son o Plan Dixital, o Proxecto Lector, o Plan de Convivencia, etc., dedicándolle un apartado nesta mesma programación onde se describe a implicación desta materia nos mesmos.

1.1. A ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A finalidade da Educación Primaria é facilitar aos alumnos e as alumnas as aprendizaxes de:

- A expresión e comprensión oral.
- A lectura.
- A escritura.
- O cálculo.
- As habilidades lóxicas e matemáticas.
- A adquisición de nocións básicas da cultura.
- O hábito de convivencia.
- Os hábitos de estudo e traballo.
- O sentido artístico.
- A creatividade.
- A afectividade.

Co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria.

Principios pedagóxicos da etapa

- A Educación Primaria pretende desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten a cada alumno ou alumna unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.
- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa.
- Transversalmente, desde todas as áreas promoverase a igualdade entre homes e mulleres, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, poñerase especial atención á orientación educativa, a educación emocional e en valores e á potenciación da aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.
- A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado cunha perspectiva global e adaptarse aos seus ritmos de traballo.
- Fomentarase o hábito e o dominio da lectura dedicando un tempo diario á mesma, mediante o fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes e contarase, sempre que sexa posible, coa colaboración das familias ou titores legais ou voluntariado.
- Para intensificar o fomento da integración das competencias, realizaranse proxectos significativos para o alumnado que resolverán tanto individualmente como de forma colaborativa, reforzando deste xeito a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- No proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral, utilizando a/s lingua/s materna/s só como apoio.

1.2. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

1.2.1. XUSTIFICACIÓN XERAL DA PROGRAMACIÓN

O obxectivo desta programación é planificar e organizar a acción docente ao longo do curso 2023/2024. Dirixir a aprendizaxe dos alumnos e as alumnas na materia de lingua galega e literatura, e ser unha guía que permita a eficiente transmisión de coñecementos ao alumnado e a mellor comprensión e asimilación destes.

Ter presente en todo momento a programación anual evita problemas derivados dunha actuación improvisada e/ou rutineira. Polo tanto, planificación e deseño da mesma deber ter en conta os diferentes aspectos a ter en conta, metas (competencias e obxectivos); os coñecementos, procedementos e condutas sobre os que imos traballar (contidos); as estratexias, métodos, actividades, instrumentos e medios que axudarán a conseguilo (metodoloxía); e, finalmente, o modo no que imos contrastar que o proceso que deseñamos serve para conseguir o que pretendemos (avaliación).

É evidente que o grupo de alumnos que nos atopamos nun aula non é homoxéneo e isto ten que contemplarse na programación didáctica, tendo en conta as súas características, a súa contorna, os seus intereses, as súas capacidades, etc.

E, dado que as características dos alumnos non son uniformes, a programación expón as medidas de atención á diversidade en coordinación co departamento de orientación para que os alumnos/as que o precisen poidan alcanzar os obxectivos e competencias do currículo ou ampliar os mesmos, no caso de altas capacidades.

1.2.2. XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN PARA A ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA EN 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

A área de Lingua Galega e Literatura ao longo da etapa da Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén achegarlle ao alumnado as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse de xeito satisfactorio en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que artellan os procesos de comprensión e expresión oral, por un lado, e de comprensión e expresión escrita, por outro.

O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da lingua artículase nos currículos das distintas etapas ao redor dun eixe, que é o uso social da lingua en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares.

A área de Lingua Galega e Literatura na Educación Primaria ten como finalidade o desenvolvemento das destrezas básicas no uso da lingua: escoitar, falar, ler e escribir, de forma integrada. A adquisición destas destrezas comunicativas só pode conseguirse a través da lectura de distintas clases de textos, da súa comprensión e da reflexión sobre eles, tendo presente que esta non debe organizarse arredor de saberes disciplinares estancos e descontextualizados que prolongan a separación entre a reflexión lingüística e o uso da lingua, ou entre a reflexión literaria e o pracer de ler, senón que deben axustarse á realidade cambiante dun individuo que vive inmerso nunha sociedade dixital e que é capaz de buscar información de xeito inmediato a través das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

O eixe do currículo desta área persegue o obxectivo último de crear cidadáns conscientes e interesados no desenvolvemento e a mellora da súa competencia comunicativa, capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo e de formar as súas propias opinións por medio da lectura crítica das obras literarias máis relevantes.

Será necesario incidir no fenómeno das interferencias que se producen entre as dúas linguas cooficiais para diferenciar as particularidades de cada unha e normalizar a situación de bilingüismo. Haberá que tratar tamén determinados aspectos sociolingüísticos que fan do galego unha lingua minorizada e facer unha valoración especial da lingua e da literatura galegas como parte fundamental dunha cultura propia que debemos coidar e cultivar.

1.3. CONTEXTUALIZACIÓN

O Colexio Plurilingüe Vila do Areteiro é un centro concertado (centro privado sostido con fondos públicos) que se atopa na Urbanización de Corzos dentro do termo municipal de O Carballiño (a menos de 2 km. do seu centro urbano) pero é limítrofe co concello de Maside, xa que a vía que pasa por diante e unha pequena parte da superficie que ocupa pertencen a este segundo Concello.

A súa oferta educativa é a seguinte:

Escola Infantil (Educación Infantil de 0 a 3 anos).

- Educación Infantil de 3 a 6 anos.

- Educación Primaria.

- Educación Secundaria.

- Tres aulas de Ed. Especial.

- 2 Aulas de Psíquicos

- 1 Aula de Plurideficientes.

O centro educativo so ten unha liña que engloba dende 4º de Educación Infantil (3 anos) ata 4º de Educación Secundaria.

A maior parte dos alumnos que entran na etapa de Educación Secundaria proveñen da Etapa de Primaria realizada no propio centro, e a súa vez, esta última nútrese maioritariamente do alumnado de educación infantil.

A urbanización na que se atopa é unha zona residencial formada preferentemente por vivendas individuais (chalet), contando cunha zona común de espacemento e un ximnasio privado con piscina climatizada. É limítrofe co Polígono Industrial da Uceira e a menos dun kilómetro dispón de dúas superficies comerciais dedicadas a alimentación.

A características da súa localización é que é unha edificación de dúas plantas nun paraxe natural idóneo para o contacto do alumnado coa natureza debido as amplas zonas axardinadas no seu interior e estar rodeado de zonas boscosas e praderío.

O centro dispón de dúas pistas deportivas, un pavillón cuberto e espazo para o entretemento nos momentos de lecer (recreos). Posúe laboratorio, sala de informática, comedor, biblioteca, aula de audiovisuais e de idiomas.

O nivel socio-cultural da poboación escolar é medio-alto; as familias compóñense por un ou dous proxenitores ao redor dos 35-40 anos de idade, cun ou dous fillos, xeralmente. É reseñable o incremento de novas formas de familia distintas á tradicional. A maioría de pais e nais do alumnado traballa fóra de casa. Moitos deles son profesionais liberais, funcionarios, profesores, comerciais, administrativos, etc. A maior parte ten unha formación media e moitos dispoñen de estudos universitarios, valoran positivamente a formación académica e cultural dos seus fillos e colaboran co centro.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) adoita encargarse dalgunhas actividades como é a campaña de igualdade ou a recollida de xoguetes para os máis necesitados, tamén fomenta a lectura con sorteo de libros nas datas sinaladas.

O centro funciona con horario de mañá e tarde conforme ao horario exposto no apartado correspondente. As actividades deportivas e extraescolares desenvólvense os xoves e venres pola tarde.

O edificio consta de dúas plantas e catro zonas ben diferenciadas. No lateral dereito, visto dende a entrada, está a Escola Infantil e as tres aulas de Educación Infantil, no lateral dereito están as aulas de Educación Primaria e o acceso ao pabillón. No centro de dita planta baixa está a cociña e o comedor escolar, sendo os laterais da entrada os correspondentes a dirección e sala de profesores (dereita) e aula de Logopeda, Audición e Linguaxe e aula de Pedagogía Terapéutica. Na planta superior, na parte central están as aulas de Educación Secundaria, Informática e Tecnoloxía (parte posterior) e Biblioteca e aula de Inglés (anterior). No lateral esquerdo da parte superior está o Laboratorio, as dúas aulas de Pedagogía Terapéutica, Apoio e Audiovisual.

O centro dispón dun espazo web, como aula virtual para cada materia e grupo utiliza a plataforma G-Suite e Educamos para a comunicación cos pais onde mediante o seu nome de usuario e contraseña os alumnos ou pais (dependendo da plataforma) poden acceder e consultar as diferentes propostas dos profesores ou dirección do centro (véxase o epígrafe Plan Dixital do Centro). As aulas de clase son todas exteriores, ben iluminadas e ventiladas, e dispoñen do mobiliario e os materiais axeitados para o uso. Cada aula conta cun taboleiro dixital para apoio educativo. As instalacións exteriores son o patio, un ximnasio cuberto e dúas pistas de deportivas.

1.4. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O alumno de primeiro de Primaria está caracterizado por unha serie de trazos evolutivos que afectan o seu desenvolvemento cognitivo, motriz, afectivo social e lingüístico.

Dimensión cognitiva. Atópanse nun período de transición, accedendo ao estadio das operacións concretas (Piaget). Necesitan da manipulación para chegar á adquisición de conceptos, van coñecendo a través da súa experiencia persoal, observación- experimentación-solución. O seu pensamento é sincrético e analóxico, polo que establecen analogías sen realizar análise nin deducións. Van adquirindo o pensamento causal para a explicación dos feitos. Presentan características do pensamento máxico e superación progresiva do egocentrismo.

Dimensión afectivo-social. Teñen aínda unha forte dependencia das súas figuras próximas, melloran o seu control emocional. Están a desenvolver o seu proceso de socialización, posúen os hábitos básicos para a vida en grupo, polo que van sendo capaces de entender e respectar as normas de convivencia. Inician un maior achegamento aos compañeiros e presentan unha maior dependencia deles. Tamén aumenta o interese polos xogos regrados, nos que se comparten normas cos demais. Van afianzando o seu autoconcepto e autoestima, moi influenciados pola imaxe que lle transmiten os demais.

Dimensión psicomotriz. Están a consolidar o seu esquema corporal, afirmando a lateralidade, perfeccionando a psicomotricidade fina e grosa, van adquirindo progresivamente independencia dos segmentos corporais. A organización espacial e temporal está respectivamente relacionadas co seu corpo e as súas experiencias persoais.

Dimensión lingüística. As experiencias que lle ofrecen a escola e os amigos, o acceso aos medios de comunicación e á lectura proporcionan ao alumno gran variedade de modelos e usos da linguaxe. Aprenden a variar o rexistro en función do contexto, a situación e os interlocutores. Adquiren novo vocabulario, logrando a ampliación e dominio do repertorio fonético, e unha mellora significativa da competencia lectora. Diminúen as formas demostrativas de egocentrismo.

En liña co anteriormente exposto, os principios metodolóxicos que van orientar a nosa práctica educativa en Primeiro de Primaria son os seguintes:

Metodoloxía activa

Supón atender a dous aspectos intimamente relacionados:

- Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de Ensenanza/Aprendizaxe.

Motivación. Consideramos fundamental neste ámbito partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo e a activa participación das familias na dinámica escolar.

Autonomía na aprendizaxe. Como consecuencia dos dous puntos anteriores, a metodoloxía favorece a maior participación dos alumnos. Concrétase nos seguintes aspectos:

- A utilización dunha linguaxe sinxela, claro e estruturado na presentación dos novos contidos.
- A gradación das actividades, en función do grao de habilidade e autonomía que requiren.
- A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.

Programación cíclica. Integrada nos obxectivos xerais da etapa; e unha rigorosa selección dos contidos, que reforzan o aprendido anteriormente e abren o coñecemento cara a novos temas.

Atención á diversidade do alumnado. Tendo sempre en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, así como os seus distintos intereses e motivacións.

Sensibilidade pola educación en valores. O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización do alumnado fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia.

Avaliación do proceso educativo. A avaliación do proceso educativo entendemos que ha de ser global, abarcando todos os aspectos do proceso educativo e propiciando a retroalimentación, con achega de informacións relevantes que permiten reestructurar a programación cando sexa preciso.

Este curso comeza con 13 alumnos, todos eles, salvo un (que vén de Perú, e foi escolarizado no seu país previamente), proceden da etapa de educación infantil do propio centro, o que facilita a coordinación coa profesora anterior á hora de ter unha valoración inicial. Preséntanse varios casos con NEAE e outros con sospeitas, que levará a suxerir apoio en coordinación co equipo de orientación do centro educativo. Todos eles foron ben recibidos e integrados polo resto do grupo.

1.5. MARCO LEGAL

A programación seguindo a normativa exposta a continuación.

- ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- LOE Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio.
- LOMLOE Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación primaria.
- DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Real Decreto 476/2013, do 21 de xuño, polo que se regulan as condicións de cualificación e formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil e de Educación Primaria.
- DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

1.7. HORARIO

Luns 11:00 - 11:50

Martes 11:50 - 12:50

Mércores 11:00 - 11:50

Venres 11:00 - 11:50

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuizos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Imos á escola	A esperanza de avanzar socioeconomicamente e mesmo para saír da pobreza. É, polo tanto, un elemento da máxima importancia na procura dun desenvolvemento sostible. Desta premisa parte a unidade inicial do curso, que pretende ser un repaso e unha posta en común dos coñecementos que os nenos e nenas deberán ter adquirido despois de pasar pola etapa de Educación Infantil.	7	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Imos á escola	Escoito e falo fálase da escola, das semellanzas e diferenzas entre a escola de antes e a de agora; e dos espazos comúns escolares, como a biblioteca: que actitudes deben ter neste sitio e como deben comportarse. Aprendo as letras iremos vendo as vogais e as consoantes l, m, p, s. Coñezo a miña lingua tratará o artigo determinado. Leo e escribo preséntase a lectura da unidade, o conto «A campaña», con actividades que incidirán na comprensión lectora efectiva do poema.	7	10	X		
2	Facemos ximnasia	Unha vida sa e promover o benestar en todas as idades para favorecer o desenvolvemento sostible. O reto pode enfrontarse por moi diferentes vías como, por exemplo, a necesidade do acceso a vacinas, a servizos esenciais de saúde ou o a auga potable. Así mesmo, a práctica deportiva revélase como un importante aliado da saúde. Escoito e falo fálase de diferentes deportes, das distintas partes do corpo que se exercitan e da maior ou menor seguridade das distintas actividades e do seu carácter integrador; así mesmo, o alumnado deterase a explicar como se utilizan os distintos aparatos de ximnasia. Aprendo as letras iremos vendo as consoantes t, n, d, c, qu, z, h e nh. Coñezo a miña lingua tratará o artigo indeterminado. Leo e escribo preséntase a lectura da unidade, «Fina, a pirata», con actividades que incidirán na comprensión lectora efectiva do relato.	8	12	X		
3	Comemos con xeito	A unidade comeza coa Situación de aprendizaxe da unidade, que ten como obxectivo concienciar da necesidade dunha alimentación saudable e ordenada. No apartado Escoito e falo fálase da importancia dos mercados para levar a cabo unha dieta variada e sa. Por outra parte, a visita a estes espazos tan importantes servirá para a práctica lingüística á hora de mercar, ademais da autorreflexión sobre a propia dieta. Aprendo as letras iremos vendo as consoantes x, r, rr, g, gu e ñ. Coñezo a miña lingua tratará as contraccións do artigo. Leo e escribo preséntase a lectura da	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Comemos con xeito	unidade, «Quen me adopta?», con actividades que incidirán na comprensión lectora efectiva do relato. Enredo coa cultura pretende que os nenos e nenas accedan a contidos vinculados coa cultura galega dun xeito lúdico. Nesta unidade, achegamos os nenos e nenas ao magosto como importante celebración galega e deterémonos na importancia da castaña na nosa cultura.	8	12	X		
4	A cidade	A metade da humanidade vive na actualidade en cidades, nunha tendencia á alza que xera problemas relacionados coa contaminación, co consumo desmedido de enerxía, co esgotamento dos recursos, coa pobreza e cunha degradación, en xeral, da calidade de vida. Escoito e falo falarase da importancia dos camiños escolares seguros como parte importante do mencionado modelo de cidades sostibiles. Así mesmo, achegámonos á presenza do Nadal na decoración das nosas poboacións. Aprendo as letras iremos vendo, desta volta, as consoantes b, v, f, ch e ll. Coñezo a miña lingua tratará a sílaba e a palabra. Leo e escribo preséntase a lectura da unidade, «Pontevedra, a mellor cidade», con actividades que incidirán na comprensión lectora efectiva do texto. Enredo coa cultura pretende que os nenos e nenas accedan a contidos vinculados coa cultura galega dun xeito lúdico. Nesta unidade, achegamos o alumnado á cara máis tradicional do Nadal, exemplificada nos cantos de Reis ou na figura do Apalpador.	8	13	X		
5	Animais que viven con nós	A diversidade da fauna, a loita contra o tráfico de especies protexidas ou evitar a introdución de especies exóticas e invasoras son algúns dos retos que inclúe este obxectivo de Nacións Unidas para unha natureza en harmonía co ser humano. Isto relaciónase coa importancia do benestar animal, no que todos e todas nunha ou outra medida temos algo que achegar. Escoito e falo insístese de novo nas atencións que precisan os animais de compañía e afóndase no labor dos veterinarios e tamén das sociedades protectoras de animais.	9	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Animais que viven con nós	Aprendo as letras achegarémonos aos grupos consonánticos br, bl, pr e pl. Coñezo a miña lingua céntrase nos sufixos aumentativos, no nome e no uso das maiúsculas nos nomes propios. Leo e escribo preséntase a lectura da unidade, «O vento que dixo ¿mua¿», con actividades que incidirán na comprensión lectora efectiva do texto. Enredo coa cultura pretende que os nenos e nenas accedan a contidos vinculados coa cultura dun xeito lúdico.	9	12		X	
6	Unha ollada ao redor	A natureza resulta vital para a nosa supervivencia: proporcionanos osíxeno, regula os nosos sistemas meteorolóxicos, poliniza os nosos cultivos e produce os nosos alimentos, pensos e fibras. Porén, atópase sometida a unha presión cada vez maior. Escoito e falo achéganse tamén pautas que poden axudar a unha mellor conservación da natureza. Aprendo as letras abordaranse desta vez os grupos consonánticos fr, fl, cr e cl. Coñezo a miña lingua céntrase nos sufixos diminutivos, no adxectivo e no uso das maiúsculas tras punto. Leo e escribo preséntase a lectura da unidade, «As árbores da fraga», con actividades que incidirán na comprensión lectora efectiva do texto. Enredo coa cultura pretende que os nenos e nenas accedan a contidos vinculados coa cultura dun xeito lúdico. Nesta unidade, achegamos o alumnado ao Entroido, unha celebración de fonda raigaña en Galicia.	9	13		X	
7	Lixo ningún	A economía, a través do consumo e a produción, exerce unha forte presión sobre o ambiente e os recursos ata provocar efectos destrutivos sobre o planeta. A degradación á que se veu vendo sometida a natureza fai que se estea poñendo en perigo o noso futuro. Escoito e falo falarase da diversidade paisaxística de Galicia e tamén das súas posibles ameazas. Aprendo as letras continuamos coa aproximación a distintos grupos consonánticos, neste caso gr, gl, tr, dr. Coñezo a miña lingua abórdase o estudo da sinonimia, do xénero e do número e das palabras con mp e mb. Leo e escribo preséntase a lectura da unidade, «Adios, ríos», un fragmento do	9	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Lixo ningún	coñecido poema rosaliano, no que, ademais da comprensión do texto. Enredo coa cultura pretende que os nenos e nenas accedan a contidos vinculados coa cultura galega dun xeito lúdico. Nesta unidade, o alumnado achegarase ao Camiño de Santiago e dun modo moi especial á figura do peregrino e a súa vestimenta.	9	13		X	
8	Auga necesaria	A dispoñibilidade e o acceso aos servizos de auga, saneamento e hixiene son fundamentais para salvaguardar a saúde e o benestar de millóns de persoas. 3 de cada 10 persoas carecen de acceso a servizos de auga potable seguros e 6 de cada 10 carecen de acceso a instalación de saneamento xestionadas de forma segura. Escoito e falo incide desta volta na importancia da auga para a nosa vida e na necesidade de utilizala con tino. Coñezo a miña lingua abórdase o estudo dos antónimos, o pronome persoal e a coma. Leo e escribo preséntase a lectura da unidade, «O acuario», con actividades que incidirán na comprensión lectora efectiva do texto. Enredo coa cultura céntrase neste caso na celebración do Día da Poesía (21 de marzo) cunha achega a parte máis lúdica deste xénero literario.	8	13		X	
9	Aproveitar con xeito	O consumo e a produción sostibles implican facer máis e mellores cousas con menos recursos. Trátase «do uso de bens e servizos que responden a necesidades básicas e proporcionan unha mellor calidade de vida, ao mesmo tempo que minimizan o uso de recursos naturais, materiais tóxicos e emisións de desperdicios e contaminantes sobre el ciclo de vida, de tal xeito que non se poñen en risco as necesidades de futuras xeracións». Escoito e falo abórdanse os distintos tipos de materiais dos que están feitas as cousas e detémonos nas particularidades da pedra pómez. Coñezo a miña lingua céntrase nas palabras simples e compostas, no pronome demostrativo e no signo de interrogación. Leo e comprendo preséntase a lectura da unidade, «O álbum do tronquiño», con actividades que incidirán na comprensión lectora efectiva do texto.	9	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Aproveitar con xeito	Enredo coa cultura pretende que os nenos e nenas accedan a contidos vinculados coa cultura galega dun xeito lúdico.	9	11			X
10	Maquinarias	Este obxectivo contextualiza e dálle soporte a esta unidade, co obxectivo principal de promover o uso de enerxías limpas e renovables e garantir o acceso de todas as persoas ás fontes de enerxía. Escoito e falo incídese de novo nas enerxías renovables e, complementariamente, vólvese sobre a redución, a reciclaxe e a reutilización. Leo e comprendo preséntase a lectura da unidade, «Pupi e o misterio da televisión», con actividades que incidirán na comprensión lectora efectiva do conto. Coñezo a miña lingua céntrase, desta vez, nas familias de palabras, no pronome posesivo e no signo de exclamación. Escribo, a unidade trata de iniciar o alumnado, dun xeito sinxelo, redacción de instrucións. O apartado Enredo coa cultura pretende que os nenos e nenas accedan a contidos vinculados coa cultura galega dun xeito lúdico. Nesta unidade, achegámonos aos Maíos.	9	10			X
11	Artistas con arte	Ningún dos 17 ODS se centra exclusivamente na cultura sostible, pero si que está intimamente relacionada co logro de cidades sostibles, coa educación, a saúde e o benestar ou, por exemplo, a paz e a xustiza. Escoito e falo trataremos os castros e deduciremos diferenzas entre as formas de vida na antigüidade e as actuais. Así mesmo, realizamos un percorrido por algunhas das épocas da historia da humanidade. Leo e comprendo preséntase a lectura da unidade, «Vivir nunha obra de arte». Coñezo a miña lingua achegara o alumnado ao campo semántico, ao verbo e ao punto e seguido. Ademais, en Escribo os nenos e nenas irán sendo guiados nas tipoloxías textuais co tratamento, neste caso, da entrevista e a descrición. Enredo coa cultura pretende que os nenos e nenas accedan a contidos vinculados coa cultura galega dun xeito lúdico. Nesta unidade, nenos e nenas centraranse no Día das Letras Galegas e na exaltación da lingua que leva aparelhada esa data.	8	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Artistas con arte		8	11			X
12	Os océanos	O coidado dos océanos é clave nun futuro sostible. Protexelos é prioritario, xa que a biodiversidade mariña é vital para a saúde das persoas e do planeta. A áreas mariñas protexidas precisan dunha xestión efectiva, igual que os seus recursos, e débense poñer en marcha regulamentos que reduzan a sobrepesca, a contaminación mariña e acidificación dos océanos. Escoito e falo daremos unha volta á Terra fixándonos nos continentes e citando medios de transporte útiles para percorrer o planeta. Leo e comprendo preséntase a lectura da unidade, «Greta Thunberg», con actividades que incidirán na comprensión lectora efectiva do texto. Coñezo a miña lingua céntrase neste caso na orde alfabética, na oración e no punto e final. Escribo, os nenos e nenas continuarán a ser introducidos na descrición, que empezara a ser abordada na unidade anterior. Enredo coa cultura pretende que os nenos e nenas accedan a contidos vinculados coa cultura galega dun xeito lúdico.	8	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Imos á escola	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.	PE	30
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Utiliza un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai predicións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións dun texto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	70
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Desfruta e valora os diferentes tipos de contos.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Desfruta escoitando textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecendoas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Desfruta e valora os diferentes tipos de contos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto

Contidos

- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario básico.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: produción oral
- Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto da organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal con textos da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto.
- Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.

UD	Título da UD	Duración
2	Facemos ximnasia	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, en especial os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística das dúas linguas.	PE	25
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce un pequeno refrán con axuda visual de imaxes.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	75
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan en galego a maiores do cole (persoal sanitario, familiares, veciños-as...)		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
- Contexto - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: produción oral - Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Procesos: comprensión lectora - Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega. - Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega. - Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.

Contidos

- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A natureza propia da área, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características dos alumnos e alumnas condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que será necesario que a metodoloxía se axuste a estes condicionantes co fin de propiciar unha aprendizaxe competencial.

A metodoloxía debe partir da perspectiva do profesorado como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, debe enfocarse á realización de tarefas ou situacións-problema, formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, debe ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

Calquera das metodoloxías seleccionadas polos docentes para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas debe axustarse ao nivel competencial inicial destes. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outros máis complexos.

Un dos elementos fundamentais no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova proposta do seu papel, máis activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Do mesmo modo se debe favorecer a motivación por aprender nos alumnos e alumnas, e a tal fin, o profesorado debe ser capaz de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que o profesorado procure todo tipo de axudas para que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Dende un enfoque baseado na adquisición das competencias clave cuxo obxectivo non é só saber, senón saber aplicar o que se sabe e facelo en diferentes contextos e situacións, obtaremos polas seguintes estratexias metodolóxicas:

- Formularemos diferentes situacións de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado o desenvolvemento de distintos procesos cognitivos: analizar, identificar, establecer diferenzas e semellanzas, recoñecer, localizar, aplicar, resolver, etc.
- Potenciarremos no alumnado a autonomía, a creatividade, a reflexión e o espírito crítico.
- Contextualizaremos as aprendizaxes de tal forma que o alumnado aplique os seus coñecementos, habilidades, destrezas ou actitudes máis alá dos contidos propios da área e sexa capaz de transferir as súas aprendizaxes a contextos distintos do escolar.
- Potenciaremos no alumnado procesos de aprendizaxe autónoma, nos que sexa capaz, dende o coñecemento das características da súa propia aprendizaxe, de fixarse os seus propios obxectivos, considerar interrogantes, organizar e planificar o seu traballo, buscar e seleccionar a información necesaria, executar o desenvolvemento, comprobar e contrastar os resultados e avaliar con rigor o seu propio proceso de aprendizaxe.
- Fomentaremos unha metodoloxía experiencial e investigativa, na que o alumnado desde o coñecemento adquirido se formule hipóteses en relación aos problemas formulados e mesmo comprobe os resultados destas.
- Utilizaremos distintas fontes de información (véxase apartado 4.2.), así como diversificar os materiais e recursos

didácticos que utilizemos para o desenvolvemento e adquisición das aprendizaxes do alumnado.

- Promoveremos o traballo colaborador, a aceptación mutua e a empatía como elementos que enriquecen a aprendizaxe e nos forman como futuros cidadáns dunha sociedade cuxa característica principal é a pluralidade e a heteroxeneidade. Ademais, axudaranos a ver que se pode aprender non só do profesorado, senón tamén dos que nos rodean, para o que se deben fomentar as titorías entre iguais, así como procesos colaboradores, de interacción e deliberativos, baseados sempre no respecto e a solidariedade.
- Diversificaremos, como veremos no apartado correspondente, estratexias e instrumentos de avaliación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro da Editorial Anaya
Recursos para o profesorado: Lingua Galega (Anaya)
Recursos propios elaborados polo docente.
Caminando por la Educación Primaria (unhamestradeprimaria.blogspot.com/)
https://oblogdamestracris.blogspot.com/
Vídeos pedagóxicos en Youtube
Plataforma Educamos - Comunicación coas familias.
Material funxible
Material fotocopiabile
Recursos bibliográficos (biblioteca de aula e de centro)
Ordenador de aula
PDI

De acordo coa normativa vixente, debemos dicir que o espazo será natural, amplo, motivador, dinámico, flexible, accesible, funcional, seguro e suxestivo. Debe estar delimitado e contar co material necesario.

En canto ao tempo será flexible e adaptado aos nenos, distribuíndose en torno aos criterios de:

- Flexibilidade adaptándonos aos ritmos de cada un.
- Intervalos de tempo curtos para cada actividade.

A presenza de rutinas é importante posto que proporcionan aos nenos/ás seguridade e confianza e axúdanlles na adquisición de hábitos, na estruturación das súas vivencias, así como a interiorizar as nocións espaciais e temporais. Trátase de actividades que se producen cada día de forma regulada e sistemática.

En canto aos recursos, para seleccionalos, o docente terá en conta os seguintes principios: que sexan funcionais, que permitan experimentar, que sexan axustados ao desenvolvemento dos nenos e que fomenten as relacións persoais, así mesmo que sexan seguros, de boa calidade, abertos e variados. Para o desenvolvemento desta programación teranse en conta tanto os recursos materiais coma os humanos.

En relación co anterior, dividiremos os recursos en:

- **PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.
- **MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

- TECNOLÓXICOS: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, etc.
- DIXITAIS: enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais.
- ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Reunión de coordinación coa profesora da etapa anterior. O alumnado que cursou a etapa de Educación Infantil no noso centro tivo a mesma docente durante toda a etapa. Terase, como é habitual unha reunión informativa coa mesma.
- Revisión dos informes do ano anterior no caso de alumnos procedentes doutros centros educativos, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, etc ...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
 - Choiva de ideas sobre as características básicas da lingua castelá e da literatura.
 - Fichas de avaliación inicial, tanto de elaboración propia coma dos recursos dixitais da editorial.
 - Actividades iniciais do libro de texto.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	8	8	8	9	9	9	8	9	9
Proba escrita	30	25	25	35	37	38	43	41	45	55
Táboa de indicadores	70	75	75	65	63	62	57	59	55	45

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	50	55	40
Táboa de indicadores	50	45	60

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores baseadas nas escalas de observación. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución do traballo no libro de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

As probas escritas contarán un 40%:

- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (10%).
- Escribe respectando regras ortográficas e gramaticais (5%).
- Ter unha caligrafía lexible (5%).
- Realizaráanse dúas probas escritas (controis) ao longo da avaliación, a nota destes será a media aritmética dos mesmos (20%).

As táboas de indicadores contarán un 60%:

- Actitude e participación activa (20%).
- Autonomía e presentación das actividades (20%).
- Traballo diario na clase (20%).

A cualificación da avaliación final será calculada a partir das tres avaliación, sempre tendo en conta a evolución do alumno ao longo do curso.

Nota Final= $0,25 \times 1^{\text{a}}$ Avaliación + $0,3 \times 2^{\text{a}}$ Avaliación + $0,45 \times 3^{\text{a}}$ Avaliación

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final calcularase facendo a media de todas as avaliacións do curso.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022 e a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e regúlase a súa avaliación, a avaliación durante a etapa de educación primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área, teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planifícanse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planifícanse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
- f) O nivel de coñecementos.
- g) O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

Sempre se terá en conta a avaliación global conforme aos criterios do apartado anterior.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna ten unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. Esta diversidade está constituída pola totalidade do alumnado para quen se dirixe esta programación baixo os principios de normalización, equidade, flexibilidade, igualdade de oportunidades, inclusión e non discriminación reflectidos na ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo os seus problemas na aprendizaxe, diferentes ritmos, motivacións, intereses ou de convivencia.

Dita atención farase a través de medidas preventivas e ordinarias de adecuación da programación, xa que, esta programación se presenta como unha programación aberta e flexible, capaz de dar resposta á diversidade e pluralidade do alumnado como seres individuais que é cada un coas súas diferenzas. A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado con altas capacidades intelectuais, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

Enténdese por ACNEAE segundo a citada lexislación: as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Dacordo coa autonomía recoñecida aos centros docentes, a comezos de cada curso o Equipo Técnico de Coordinación Pedagóxica organizará a atención á diversidade do alumnado, para o que poderán desenvolver, entre outras actuacións, as medidas e programas seguintes:

- Desdobramentos de grupos nas áreas e materias instrumentais, coa finalidade de reforzar o seu ensino.
- Apoio en grupos ordinarios mediante un segundo mestre ou mestra dentro da aula, preferentemente para reforzar as aprendizaxes instrumentais básicas, nos casos do alumnado que presente un importante desfase no seu nivel de aprendizaxe nas áreas ou materias de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Matemáticas.
- Modelo flexible de horario lectivo semanal, que se seguirá para responder ás necesidades educativas concretas do alumnado.
- Programas de reforzo de áreas ou materias instrumentais básicas: estes programas teñen como fin asegurar as aprendizaxes básicas de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Primeira Lingua Estranxeira e Matemáticas que permitan ao alumnado seguir con aproveitamento as ensinanzas de educación primaria.

O desenvolvemento destes programas basearase na programación e realización de actividades motivadoras que busquen alternativas ao programa curricular das materias instrumentais e que intenten responder aos intereses do alumnado e á conexión co seu contorno social e cultural. Entre estas actividades, considéranse aquelas que favorezan a expresión e comunicación oral e escrita, tales como a realización de teatros, xornais escolares, así como o dominio da competencia matemática, a través da resolución de problemas cotiáns.

Dado que cada neno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno/a e o seu ritmo de traballo.

Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e noutro distinto para ampliar. Polo que será o docente quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

De aquí que, coñecendo o estado inicial do seu alumnado (avaliación inicial e información facilitada pola profesora anterior de E. Infantil), seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que procure.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta o criterio anterior á hora de levar a cabo esta programación. As medidas extraordinarias, poranse en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Entre as medidas ordinarias hai que ter en conta:

- A adecuación desta programación á realidade do centro e do grupo - clase.

- Levaranse a cabo reforzos educativos co profesorado asignado polo departamento de orientación do centro.
 - Poderanse introducir programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que fomentará e facilitará o traballo en equipo.
 - Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades, habendo sospeitas dun caso.
- Por outra banda, entre as medidas extraordinarias:
- Adaptación curricular (non se contempla no noso grupo).
 - Agrupamentos flexibles (non se contempla no noso grupo).
 - Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe.
 - O Centro conta con tres unidades de Educación Especial, cada unha co seu correspondente pedagogo terapeuta e persoal complementario (logopeda, traballadora social e cuidadora)
 - Támen conta cunha mestra especializada en audición e linguaxe.
 - Flexibilización no período de escolarización (non se contempla no noso grupo).
 - Accións orientadas ao alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas.

As medidas de atención á diversidade levaranse a cabo segundo se correspondan coa diversidade da aula, sempre en coordinación co equipo de orientación do centro:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, resumos, etc.
 - Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais, etc...
 - Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
 - Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (o centro conta cunha zona externa rica en vexetación), visitas a museos, exposicións, etc...
- Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Desenvolvemento sustentable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable.	X	X	X	X
ET.8 - Desenvolvemento sustentable.	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde.	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

A lingua galega e literatura será un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Coñeceremos a contorna máis próxima, coas súas características, elementos que a conforman, etc.	X	X	
Interpretación de cancións de nadal.	Interpretaremos diferentes cancións no festival de fin do 1º trimestre en colaboración coa mestra de música e outras clases.	X		
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, reciclaxe, xornadas inter - culturais, axudamos na casa, as matemáticas na nosa vida, aprendemos a comunicarnos...	X	X	X
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións, lugares de interese, etc.	X		X
Charlas formativas	Relaxación e xestión de emocións, reciclaxe, xornadas inter - culturais, axudamos na casa, as matemáticas na nosa vida...	X	X	X
Realización dunha actuación a final de curso	En colaboración coa mestra de música, realizarase unha actuación no festival de final de curso.			X

Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fóra do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

Participación en festividades, campañas, celebracións, etc., tales como as seguintes (tendo en conta a ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia):

Participación en festividades, campañas, celebración, etc., tales como:

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Ambiente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
PLANIFICACIÓN
Metodoloxía empregada
DESENVOLVEMENTO
Medidas de atención á diversidade
ADAPTACIÓN Á DIVERSIDADE EXISTENTE NA AULA
Outros
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, e a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e regúlase a súa avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA, desdobrando os indicadores de logro antes indicados:

1. Avaliación inicial e medidas adoptadas tras os resultados desta.
2. Adecuación ás características do alumnado.
3. Secuenciación e temporalización dos contidos das unidades didácticas.
4. Realización de actividades e retos.
5. Estratexias metodolóxicas seleccionadas.
6. Agrupamentos do alumnado.
7. Materiais e recursos didácticos postos en xogo.
8. Adecuación dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.
9. Instrumentos de avaliación.
10. Criterios de cualificación.
11. Medidas e respostas de atención á diversidade do alumnado.
12. Actividades complementarias e extraescolares planificadas e levadas a cabo.
13. Grao de satisfacción do alumnado coas aprendizaxes realizadas.
14. Grao de satisfacción do profesorado co proceso de ensino realizado e coa súa coordinación.

PLANIFICACIÓN

1. Planifica a área tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos.
2. Planifica a área adaptándose ao tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia os contidos tendo en conta as particularidades do alumnado.
4. Adecúa a tipoloxía de actividades e as estratexias metodolóxicas en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as sesións de clase de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.

6. Contextualiza os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación para o seguimento do progreso da aprendizaxe dos alumnos e alumnas ás súas características.

DESENVOLVEMENTO

1. Sintetiza as ideas fundamentais aprendidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Mostra predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoramento ao alumnado.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula e facilitar a súa aprendizaxe.
6. Formula actividades grupais e individuais.
7. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.
8. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
9. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da área e o nivel.
10. Dálle resposta ao alumnado que presenta diferenzas na aula.

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel do alumnado.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa e valora, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das distintas tarefas e actividades e como poden melloralas.
5. Utiliza suficientes situacións de aprendizaxe que garantan a participación de todo o alumnado.
6. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
7. Utiliza diferentes técnicas e instrumentos de avaliación en función das situacións de aprendizaxe formuladas.
8. Emprega distintos medios para informar das avaliacións de xeito continuado ao alumnado e á familia.

ADAPTACIÓN Á DIVERSIDADE EXISTENTE NA AULA

1. Adapta materiais e recursos en relación á diversidade do alumnado.
2. Aplica criterios flexibles de avaliación.
3. Valora a consecución dos logros persoais partindo de cada situación singular.
4. Fomenta a participación e inclusión de todo o alumnado.
5. Utiliza unha flexibilidade nos tempos e recursos empregados atendendo á diversidade de ritmos, intereses e motivacións.
6. Coñece as dificultades que ten o alumnado, procura buscar solucións para afrontalas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino - aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

Como se vén dicindo, a programación será avaliada a partir dun enfoque formativo durante diversos períodos ou fases do curso escolar e mediante un enfoque sumativo ao finalizar o curso. Os resultados destes procesos de avaliación servirían, por unha parte, de base para a elaboración da Memoria Anual e, por outra, de información retroactiva sobre a análise do contexto.

Os procesos de avaliación deberán realizarse coa axuda de técnicas ou instrumentos adecuados.

Ao elaborar os instrumentos será moi útil incorporar e utilizar unha ampla gama de recursos e técnicas: entrevistas,

análise documentais, etc.

Os sucesivos indicadores que proporciona a avaliación formativa ao longo do curso escolar sobre a aplicación da programación deberían ser recollidos e, unha vez ao ano, ao finalizar o curso, efectuar a avaliación de carácter sumativo. Dita avaliación será recollida e tida en conta na elaboración das programacións do próximo curso.

É imprescindible facer unha avaliación do deseño nun primeiro momento e o aplicado posteriormente na aula para considerar o impacto que aquilo programado e planificado tivo na mellora dos rendementos escolares do alumnado. Trátase dunha práctica reflexiva por parte dos que conformamos o equipo docente valorando logros, anotando dificultades e recollendo propostas de mellora para futuras implementacións na aula.

Esta autoavaliación docente, e mesmo coavaliación, perseguirá analizar a intervención docente na aula, os recursos utilizados, os tempos, os espazos, as formas de organizar o grupo, os instrumentos de avaliación utilizados, as medidas inclusivas aplicadas, as diferentes claves levadas a cabo... Tamén se inclúe nesta reflexión a coordinación dos equipos docentes, o clima no traballo colaborador, a organización e outras cuestións relacionadas co funcionamento do grupo e do propio centro.

Esta avaliación apoiárase en diversidade de instrumentos que faciliten a reflexión non só cuantitativa, senón cualitativa, baseada na propia observación. Froito das anotacións, analizaranse de xeito reflexivo e proactivo de cara á mellora dos procedementos empregados para que garanta aprendizaxes de éxito no alumnado. Un diario ou un anecdotario son exemplos de instrumentos sinxelos de utilizar e do que se poden obter valoracións de grande interese. Tamén escalas de observación e «listas de cotexo» que permitan analizar o deseño, a aplicación e o impacto do programado. É interesante ter claros os criterios sobre os cales nos imos basear para facer estas autoavaliacións. Entre outros, os que a continuación se propoñen serán referentes para analizar fortalezas e dificultades para que, sobre estas valoracións, se elaboren propostas de mellora.

9. Outros apartados

1. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Teremos en conta a LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, suscribindo esta programación ao establecido no Plan de Convivencia, incluído na PXA. Ademais, é compromiso do centro difundir as ferramentas de axuda existentes no centro: profesorado, titores, Departamento de Orientación, equipo directivo, Consello escolar... Así como aplicar as medidas correctoras axeitadas. Destaco os seguintes puntos, entre outros:

- Pasar ao XADE tanto as faltas de puntualidade como as de asistencia.
- Dialogar co alumnado e co resto do profesorado.
- Informar ou pedir información ás familias, aos titores e ao Departamento de Orientación sobre a conduta e necesidades do alumnado.